Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

ÍNDICE XERAL

1. FUNCIÓNS, COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN

1.1 AS COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN DA FGC
1.2 A XUNTA DIRECTIVA DA FGC
1.3 OUTROS ÓRGANOS DA FGC

2. AS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

2.1 ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN
2.2 ÁREA TÉCNICA
2.3 A SELECCIÓN GALEGA

3. A CAZA EN GALICIA

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS
3.2 SINISTRALIDADE DAS PERSOAS FEDERADAS GALEGAS
3.3 SOCIEDADES FEDERADAS E TECORES
3.4 SEGUROS DE COTOS
3.5 A SUPERFICIE CINEXÉTICA
3.6 A CAZA MAIOR
3.7 SINISTRALIDADE DAS ESPECIES CINEXÉTICAS

4. SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.1 ESCOLA DE CAZA
4.2 ASESORÍA XURÍDICA
4.3 AS LICENZAS DE USO DE EMISORA
4.4 CLUBE DE DESCONTOS
4.5 ASESORÍA VETERINARIA E TRÁMITES REGIAC
4.6 XUVENTUDES POLA CAZA
4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

5. A AXENDA FEDERATIVA

5.1 XUNTANZAS DA FGC
5.2 XUNTANZAS COA ADMINISTRACIÓN
5.3 XUNTANZAS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS
5.4 OUTRAS XUNTANZAS
5.5 ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGC
5.6 ACTIVIDADES DAS XUVENTUDES POLA CAZA
5.7 ASISTENCIA A EVENTOS

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

1. FUNCIÓNS, COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN

1.1 AS COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN DA FGC
1.2 A XUNTA DIRECTIVA DA FGC
1.3 OUTROS ÓRGANOS DA FGC

1.1 AS COMPETENCIAS E ORGANIZACIÓN DA FGC

COMPETENCIAS PROPIAS

Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.

Coidar e defender ante a opinión pública e ante as institucións de carácter privado ou público a figura do cazador como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.

Defender os lexítimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas, promovendo cantas accións considere convenientes ou necesarias a estes efectos.

Desenvolver iniciativas no campo da ecoloxía dirixidas á defensa do medio natural.

Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.

Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionen co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coadxuvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.

Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e mellora do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas. A FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.

Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais, relacionados co deporte da caza, así como propoñerlle as medidas convenientes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexítimos intereses dos cazadores.

Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza mediante actividades dirixidas á xuventude, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC.

FUNCIÓNS PÚBLICAS DELEGADAS

Baixo a tutela da administración deportiva, **a FGC exerce, en réxime de exclusividade, a promoción e divulgación do deporte da caza en todas as súas facetas**, entroutras funcións públicas delegadas.

ORGANIGRAMA DA FGC

Órganos de goberno e representación	· Asemblea xeral · Comisión delegada da asemblea · Presidente
Órganos complementarios dos de goberno e representación	· Xunta directiva · Comisión executiva · Secretario xeral · Tesoureiro
Órganos técnicos e asesores	· Comité de disciplina deportiva · Comité de xuíces e árbitros · Comisión de xuventudes · Comisión de competicións · Comité de mediación, conciliación e arbitraxe

XUNTA DIRECTIVA DA FGC



Luis Eusebio Fidalgo
Presidente



Ramón Rodríguez Cobas
Vicepresidente




Rafael Prol Caneda
Tesoureiro



José Moure Caneda
Secretario Xeral



Manuel Pérez Requejo
Vogal



José Manuel Vidal Lamela
Vogal



Jaime González Penelas
Vogal



Diego Pallas Lage
Vogal

1.3 OUTROS ÓRGANOS DA FGC

COMISIÓN DE COMPETICIÓNS

Coordinador da Comisión e Delegado Raposo	RODRÍGUEZ COBAS RAMÓN
Delegado de Agility	-
Delegado de Arco	VILLAVERDE BALADO, JAIME
Delegado de Cans (SH e Cans Parada)	-
Delegado de Caza Menor e Arcea	-
Delegada de Cetraría	ORGE GARCIA, IGNACIO
Delegado de Field Target	-
Delegado de Paxariles	CHAO PORTO, MANUEL A.
Delegado de Rastro de Coello	MONTOIRO GONZÁLEZ, JOSÉ ANTONIO
Delegado de Rastro de Xabaril	GONZÁLEZ PENELAS, JAIME
Delegado de Tiro (RRCC e Compak)	CEBREIRO GARCÍA, DANIEL

COMITÉ DE XUÍCES E ÁRBITROS

Coordinador do Comité	RODRÍGUEZ COBAS RAMÓN
Delegado de Agility	SANTOS CABO, IKER
Delegado de Arco	VILLAVERDE BALADO, JAIME
Delegado de Cans (SH e Cans Parada)	SECO ALVITE, JOSÉ ANGEL
Delegado de Cetraría	-
Delegado de Field Target	-
Delegado de Paxariles	CHAO PORTO, MANUEL A.
Delegado de Rastro	MONTOIRO GONZÁLEZ, JOSÉ ANTONIO
Delegado de Tiro (RRCC e Compak)	CEBREIRO GARCÍA, DANIEL

COMITÉ DE DISCIPLINA DEPORTIVA

XUÍZ ÚNICO	
Titular	SÁNCHEZ MALVAR, RAFAEL
Suplente	DEL RIO VIQUEIRA, ANTONIO
COMITÉ APELACIÓN	
Titular 1	PENABAD CORRAL, MANUEL
Titular 2	SÁNCHEZ MANCEBO, JOSÉ LUIS
Titular 3	RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ALBERTO
Suplente 1	LÓPEZ IGLESIAS, MIGUEL
Suplente 2	DÍAZ FERNÁNDEZ, Mª CARMEN
Suplente 3	LORENZO CARRAGAL, ALEJANDRO
INSTRUTOR	
Titular	ALONSO PÉREZ, JUAN ANGEL
Suplente	PÉREZ REQUEJO, MANUEL

COMISIÓN DAS XUVENTUDES

Delegado A Coruña	VIQUEIRA CASTRO, FRANCISCO
Delegado Lugo	FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, TAMARA
Delegado Ourense	ÁLVAREZ GONZÁLEZ, ALEJANDRO
Delegado Pontevedra	SUÁREZ FERNÁNDEZ, SERGIO

XUNTA DE HOMOLOGACIÓN DE TROFEOS

Representante 1	LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ
Representante 2	FRANCISCO LÓPEZ PENELA
Representante 3	ALEJANDRO LORENZO CARRAGAL

XUNTA ELECTORAL GALEGA

TITULARES:	
Presidente	VICENTE SILVA MEILÁN
Secretario	ANTONIO LÓPEZ IGLESIAS
Vogal	AGUSTÍN PÉREZ-BATALLÓN ORDÓÑEZ
SUPLENTES	
Suplente 1	Juan Antonio Sánchez Mancebo
Suplente 2	Manuel García Pombo
Suplente 3	Elisardo Cea Cebreiro


PRESIDENTES PROVINCIAIS



José María Álvarez Villar
Presidente FGC A Coruña



Francisco López Penela
Presidente FGC Lugo



Antonio García Reinoso
Presidente FGC Ourense



Francisco Couselo Castiñeira
Presidente FGC Pontevedra

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

2. AS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS

2.1 ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN
2.2 ÁREA TÉCNICA
2.3 A SELECCIÓN GALEGA

PROBAS DEPORTIVAS ORGANIZADAS E PARTICIPACIÓN

	CPTOS. PROVINCIAIS						CPTOS. GALEGOS						LIGA AUTONÓMICA						COPA GALICIA						OUTRAS PROBAS PUNTUABLES						OUTRAS PROBAS						ORG. CPTOS NACIONAIS		TOTAL			
	Nº CPTOS. PROV.	Nº ESPECIES	Nº INSCRICIONS CPTO. PROV.	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES PROV.	Nº DE EQUIPOS	Nº XUÍCES CPTO PROV.	Nº CPTO. GALEGO	Nº ESPECIES	Nº INSCRICIONS CPTO. GAL.	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES GAL.	Nº DE EQUIPOS	Nº XUÍCES CPTO GAL.	Nº PROBAS DA LIGA	Nº ESPECIES	Nº INSCRICIÓNS PROBAS LIGA	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES PROBAS LIGA	Nº DE EQUIPOS	Nº XUÍCES PROBAS LIGA	Nº COPA GALICIA	Nº ESPECIES	Nº INSCRICIÓNS COPA GALICIA	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES COPA GALICIA	Nº DE EQUIPOS	Nº XUÍCES COPA GALICIA	Nº probas puntuables	Nº ESPECIES	Nº INSCRICIÓNS probas puntuables	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES Probas puntuables	Nº DE EQUIPOS	Nº XUÍCES probas puntuables	Nº outras probas	Nº ESPECIES	Nº INSCRICIÓNS outras probas	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES outras Probas	Nº DE EQUIPOS	Nº XUÍCES outras probas	Nº CPTO ESPAÑA	Nº PARTICIPANTES FGC	Nº CPTOS TOTAL	Nº INSCRICIÓNS	Nº DEPORTISTAS PARTICIPANTES	Nº XUÍCES TOTAL
Agility*													17	1296	1296	937		32													1	85	85	70		2			18	1381	1007	34
Arceas	4	75	75	75		75	1	19	19	19		19																											5	94	94	94
Arco****							2	6	52	52		7													2		70	70		12	1		32	32					5	154	154	19
Caza Menor	4	59	59	59		59	3	23	23	23		23																											7	82	82	82
Caza Práctica**	2	31	31	14		4	1	21	21	11		4																			3	77	77	34		9			6	129	59	17
Cetraría	1	27	27	15		2	3	56	56	32		2																											4	83	47	4
Compak Sporting	4		155	155		16	1		89	89		7																											5	244	244	23
Field Target							1		13	13		2																											1	13	13	2
Paxariles	1	106	52	30		3	1	110	59	37		3																											2	216	67	6
Percorridos de caza***	4		207	207		22	1		83	83		10							5		279	279		29														10	569	569	61
Raposo	4		630	630	70	70	1		117	117	13	13																											5	747	747	83
Rastro Coello[VI]	2	136	34	23	34	9	1	28	7	7	7	5																			1	68	12	12		5			4	53	42	19
Rastro Xabaril ceiba																															2	246	41	64		20			2	41	64	20
Rastro Xabaril manso[V]	4	100	100	80		13	1	31	31	31		7							5	132	132	52		15													1	9	10	263	163	35
Rastro Xabaril salvaxe																			3	87	87	87		20													1	23	3	87	87	20
San Huberto	4	64	64	61		15	1	29	29	26		7							3	65	65	65		16															8	158	152	38
TOTAL	34		1434	1349		288	18		599	540		109	17		1296	937		32	16	284	563	483		80	2	0	70	70		12	8	476	247	212		36	2	32	95	4314	3591	557

A FGC organizou e dirixiu a nivel técnico **un total de 95 probas oficiais** durante a tempada 2025 (do 1 xaneiro ao 31 decembro de 2025), **un 15% menos** que no 2024.

Novamente as disciplinas de **Agility**, con 18 probas, **Rastro de Xabaril**, con 15 e **Percorridos de Caza**, con 10, foron **as máis disputadas** do ano

As disciplinas con **maior participación** son Raposo (149 participantes / proba) seguida Paxariles (108 / proba) e Agility (76 / proba).

As disciplinas cunha **menor participación** foron Field Target (13 participantes / proba), Rastro de Coello (13 / proba), Caza Menor (12 / proba) e Arceas (18 / proba).

Se obviamos a participación de Raposo, con cuadrillas de nove participantes, **as disciplinas sen morte suporían o 88% da participación**

2.2 ÁREA TÉCNICA (XUÍCES, ÁRBITROS, MONITORES E ADESTRADORES)

DISTRIBUCIÓN DA ÁREA TÉCNICA

Especialidade	XUÍCES E ÁRBITROS								TOTAL		MONITORES		TOTAL		ADESTRADORES		TOTAL	
	NAC*IV		AUT		PROV		AUX		M	F	M	F	M	F	M	F	M	F
	M	F	M	F	M	F	M	F										
Agility*			10	4			9		19	4								
Arceas																		
Arco	1		36	9			2	1	39	10	19	2	19	2				
Cans de Parada**	10	1	27	1	9	1	14	1	60	4								
Caza Menor																		
Cetraría	3		19	2					22	2								
Compak Sporting***	5		21	2	2		29	2	57	4					19		19	0
Field Target			10						10	0								
Paxariles			5						5	0								
Percorridos Caza ***	5		54	3	5		32	1	96	4					19		19	0
Raposo																		
Rastro Coello			50		5		37	3	92	3								
Rastro Xabaril[IV]	2		49		16		91	7	158	7								
San Huberto[V]	4		42	2	8	1	39	7	93	10								
TOTAL	30	1	323	23	45	2	253	22	651	48	19	2	19	2	38	0	38	0

O corpo técnico da FGC no 2025 constitúeno **21 monitores de arco e 19 adestradores de tiro**, o mesmo número que no 2024

Foron un total de **699 os xuíces** da FGC no 2025, 651 homes e 48 mulleres, supoñendo un **aumento do 3,4%** respecto a 2024. Incorporáronse 17 homes e 6 mulleres.

O **6,87% dos xuíces da FGC son mulleres**, unha proporción moi pequena, pero que supón mais do triplo da existente no conxunto das persoas federadas (2%)

Houbo un total de 6 **promocións** a xuíz **provincial** e 18 promocións a xuíz **autonómico**.

Celebrouse un único **curso de formación de xuíces**, concretamente de San Huberto e Cans de Parada, onde participaron 30 persoas (25 homes, 5 mulleres)

PALMARÉS DA SELECCIÓN GALEGA EN 2025

	1º	2º	3º	TOTAL
Agility	2	2	4	8
Arceas				
Arco	3	2	3	8
Cans de Parada	1	1		2
Caza Menor		1		1
Cetraría				0
Compak Sporting	1			1
Field Target		1		1
Paxariles				0
Percorridos Caza		1	2	3
Raposo				0
Rastro Coello				0
Rastro Xabaril	2	3	2	7
San Huberto	1			1
TOTAL	10	11	11	32



A Selección Galega de Caza subiuse aos podios de Campionatos e Copas Nacionais **ata en 32 ocasións** ao longo do ano 2025. As persoas representantes de **Agility** e **Arco** foron as máis habituais, subindo ata en 8 ocasións, grazas as **múltiples categorías participantes**, que favorecen as posibilidades.

O **rendemento** da Selección Galega foi **lixeiramente mellor ao de 2024**, no que se acadaran 28 podios, sendo 11 deles no máis alto do caixón.

CADRO DE HONRA DA SELECCIÓN GALEGA DE CAZA 2025



Bárbara Fontán Castro

Campioa
Copa España Feminina de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril Salvaxe



Hugo Caruncho Martínez

Campión
Copa España Xuvenil de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril Salvaxe



Nuria Varela Painceiras

Campioa
Feminina
Copa España de Caza San Huberto



Artemio Formoso Barro

Campión
Tiro Adaptado
Campionato de España de Compak Sporting



René Vale García

Campión
Razas Británicas
Campionato de España de Cans de Parada



Manuel Santomé González

Campión
Senior Clase 50
Campionato de España de Agility



Roberto Blanco, Andrea Ferro, César Martínez

Campións
Equipos 20-30-40
Campionato de España de Agility



Dolores Bugarín Codeseda

Campioa
Arco Asistido Feminino
Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco

CADRO DE HONRA DA SELECCIÓN GALEGA DE CAZA 2025



Jaime Villaverde Balado

Campión
Arco Asistido Veterano
Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco



Iria Boullosa Currás

Campioa
Arco Tradicional Junior
Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco



Iria Piñeiro Crespo

Subcampioa
Feminina
Copa España Feminina de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril Salvaxe



Brais Gómez Sabín

Subcampión
Absoluta
Campionato de España Copa España Xuvenil de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril Salvaxe



Julio Ferradás Rozas

Subcampión
Absoluta
Campionato de España de Cans de Rastro Arelados sobre Xabaril



Antonio Iglesias Otero

Subcampión
Senior
Copa España de Percorridos de Caza



Antonio Iglesias Otero

Subcampión
Senior
Campionato de España de Percorridos de Caza



Artemio Formoso Barro

Subcampión
Tiro Adaptado
Campionato de España de Percorridos de Caza

CADRO DE HONRA DA SELECCIÓN GALEGA DE CAZA 2025



Francisco Chantada Abal

Subcampión
PCP Veteranos
Campionato de España de Field Target



Iván Moure González

Subcampión
Absoluta
Campionato de España de Caza Menor con Can



René Vale García
Jaime Aneiros Leira

Subcampións
Equipos Razas Británicas
Campionato de España de Cans de Parada



Sía Andrade Fernández

Subcampioa
Infantil Clase 40
Campionato de España de Agility



Iker Santos Cabo

Subcampión
Máster Absoluta 20
Campionato de España de Agility



Carlota Otero Cayetano

Subcampioa
Arco Tradicional Junior
Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco



Roi López Díaz

Subcampión
Long Bow Senior
Campionato de España de Percorridos de Caza con ARco

CADRO DE HONRA DA SELECCIÓN GALEGA DE CAZA 2025



José Ramón Rivas Vidal

Terceiro

Absoluta Masculina

Campionato de España de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril Salvaxe



Silva Pereira Zas

Terceira

Feminina

Campionato de España de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril Salvaxe



Marina Oliveira Amoedo

Terceira

Arco Asistido Feminino

Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco



Laura Fernández Crespo

Terceira

Tradicional Feminino

Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco



Jacobo Santoro Lorenzo

Terceiro

Long Bow Senior

Campionato de España de Percorridos de Caza con Arco



Candela Otero Álvarez

Terceira

Xuvenil Clase 40

Campionato de España de Agility



Rafael Saavedra Otero

Terceiro

Xuvemil Clase 60

Campionato de España de Agility



Manuel Santomé González

Terceiro

Máster Clase 60

Campionato de España de Agility

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

3. A CAZA EN GALICIA

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS
3.2 SINISTRALIDADE DAS PERSOAS FEDERADAS GALEGAS
3.3 SOCIEDADES FEDERADAS E TECORES
3.4 SEGUROS DE COTOS
3.5 A SUPERFICIE CINEXÉTICA
3.6 A CAZA MAIOR
3.7 SINISTRALIDADE DAS ESPECIES CINEXÉTICAS

LICENCIAS DE CAZA EN GALICIA NO 2025

Provincia	Licencias Caza 2025	Varianza respecto ao 2024
A Coruña	13454	+ 5,90 %
Lugo	9416	+ 4,01 %
Ourense	8319	+ 3,29 %
Pontevedra	9869	+ 5,51 %
Total Galicia	**41058**	**+ 4,83 %**
Bancos (fóra de Galicia)	1106	+ 5,53 %
Total Licencias	**42164**	**+ 4,85 %**


Datos facilitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural

PROPORCIÓN
FEDERATIVAS / LICENZAS DE CAZA

Provincia	%
A Coruña	57,56 %
Lugo	58,81 %
Ourense	26,05 %
Pontevedra	59,59 %
Total Licencias	**56,84 %**

FEDERATIVAS EN GALICIA NO ANO 2025

Provincia	Federados 2025	Comparativa 2024
A Coruña	7239	+ 0,63 %
Lugo	5301	- 0,43 %
Ourense	1756	- 1,73 %
Pontevedra	5132	- 0,68 %
Total Federados	**19428**	**- 0,23 %**



O **número de licencias de caza experimentou unha suba do 4,85%.** Trátase dunha nova suba "pantasma" motivada pola **gratuidade das licenzas** para persoas con 65 ou mais anos e unha **renovación automática** destas licencias por parte da Xunta. Neste tipo de licenzas (A-2) a suba é do 44,98% respecto de 2024, mentres que **no tipo A-1 (maiores de 18 e menores de 65 anos) ten lugar unha baixada do -5,39% respecto a 2024.**

O **número de federados é practicamente un calco do ano 2024**, cunha variación ínfima do 0,23% negativo. Cabe salientar a **estabilidade** que segue a ter este valor ao longo dos anos a pesar da permanente baixada do número de persoas cazadoras.


Coruña é a única provincia que **medra** en número de federados, aínda que cun valor practicamente insignificante do 0,63% respecto do ano pasado.

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

O EXAME DO CAZADOR

Provincia	Aprobados 2025	Aprobados 2024	Dif 2024/2025
A Coruña	74	84	-11,90%
Lugo	43	29	48,28%
Ourense	36	52	-30,77%
Pontevedra	62	43	44,19%
	215	**208**	**3,37%**


Datos facilitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural



O número de persoas que **superaron o exame do cazador en Galicia**, tivo un lixeiro reponte no 2025 que racha coa tendencia á baixa dos últimos 3 anos. Aprobaron un 3,4% máis,

Significativo o **aumento de persoas aprobadas** nas provincias de **Lugo e Pontevedra, case un 50%** máis que no curso pasado.

EVOLUCIÓN DAS XUVENTUDES



*As **Xuventudes pola Caza** é o colectivo da FGC que engloba a tódolos federados **menores de 31 anos**.*


No 2025 formábano **1268 persoas,** supoñendo unha **baixada do 10%** respecto a 2024 e o **número máis baixo dende a creación deste colectivo en 2016.**


O 9,4% das Xuventudes son **mulleres**. Esta proporción é **moi superior á existente no global de persoas federadas**, onde apenas chega ao 2%

3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

PERSOAS FEDERADAS POR TIPO DE FEDERATIVA

Tipo	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Federativa [P]	753	614	141	299	**1807**
Doc. Único [J]	157	182	44	140	**523**
Doc. Único [N]	608	209	59	764	**1640**
Doc. Único [Q]	449	339	189	420	**1397**
Doc. Único [R]	141	27	28	151	**347**
Doc. Único [S]	831	862	341	1291	**3325**
D.U. [PREMIUM]	3015	2184	635	1342	**7176**
D.U. [PREMIUM ORO]	1285	884	319	725	**3213**
	7239	**5301**	**1756**	**5132**	**19428**





O número de **persoas federadas sen cobertura de RC**, a través da licencia federativa, supoñen **menos do 10% do total**

O 54% dos federados xa teñen un seguro **PREMIUM** ou **PREMIUM ORO**, unha das porcentaxes máis altas de toda España

A Coruña segue a liderar en número de federados, feito que leva ocorrendo ininterrompidamente dende o ano 2009, mentres que **Lugo mantén o seu segundo posto** dende o ano 2018


MULLERES FEDERADAS


Nos últimos anos **víñase rexistrando unha suba constante** do número de mulleres federadas, a pesar de que seguía sendo **moi discreto**. No 2025 **rompeuse esta tendencia**, voltando aos datos de 2023, con 389 mulleres.

Cabe destacar que **o 31,1% das mulleres federadas no 2025 entran no colectivo de Xuventudes pola Caza**, ao ter menos de 31 anos, o que pon de relevo que **a presenza feminina na caza ven promovida por mulleres que se incorporan de novas a este deporte.**

As provincias de **Coruña** e **Pontevedra** aportan **o 68% das mulleres**, grazas a unha maior presenza das disciplinas de **Agility** e **Arco** nas mesmas

Ano	Mulleres Federadas
2019	182
2020	186
2021	202
2022	311
2023	389
2024	424
2025	**389**






CANS ASEGURADOS

No 2025 foron **un total de 36,256 cans os asegurados mediante anexos**, o que supón unha suba do 7,2% respecto ao ano 2024, e un novo récord histórico. A provincia que máis aumentou foi **Pontevedra**, **cun aumento do 12,6%,** pasando de 7.115 a 8.014 cánidos asegurados

A Coruña destaca como a provincia con máis cans asegurados entre as persoas federadas, con **14.902 animais, supoñendo o 41,1% do total** da comunidade

O **46,8% das persoas federadas** que teñen un seguro de RC**, teñen asegurado algún can en anexo**

Luna, Chispa, Perla e Sol son os catro **nomes de cans máis comúns** entre os asegurados no 2025, supoñendo **un 6,77% do total de cans asegurados**



3.1 PERSOAS CAZADORAS E FEDERADAS

TOP 10 DEPORTE FEDERADO ESPAÑA *

	FEDERACIÓN	HOMES	MULLERES	TOTAL
1	FÚTBOL	1.150.682	109.874	1.260.556
2	BALONCESTO	282.995	157.432	440.427
3	**CAZA**	**321.975**	**5.313**	**327.288**
4	GOLF	221.721	83.882	305.603
5	MONTAÑA Y ESCALADA	182.019	105.053	287.072
6	VOLEIBOL	36.054	85.657	121.711
7	PÁDEL	71.204	37.836	109.040
8	BALONMANO	62.618	40.315	102.933
9	TENIS	67.265	29.148	96.413
10	ATLETISMO	48.880	40.642	89.522

TOP 10 DEPORTE FEDERADO GALICIA *

	FEDERACIÓN	HOMES	MULLERES	TOTAL
1	FÚTBOL	91.617	8.370	99.987
2	BALONCESTO	12.414	7.767	20.181
3	**CAZA**	**19.047**	**425**	**19.472**
4	GOLF	9.063	3.570	12.633
5	BALONMANO	6.940	4.370	11.310
6	ATLETISMO	5.932	4.949	10.881
7	VOLEIBOL	2.909	6.332	9.241
8	PÁDEL	5.754	3.044	8.798
9	PATINAJE	2.462	5.442	7.904
10	CICLISMO	6.927	683	7.610

** Datos obtidos da Memoria 2024 do Consejo Superior de Deportes, último dato publicado por este organismo*

A caza mantén o seu terceiro posto dentro da clasificación dos deportes con máis federados **a nivel nacional,** logo de perder o segundo posto que no 2022 en favor do baloncesto.

En Galicia, tamén tivo lugar **o *sorpasso* do baloncesto respecto da caza,** neste caso en 2024, replicándose por tanto o podio nacional de federacións a nivel autonómico.

3.2 SINISTRALIDADE DAS PERSOAS FEDERADAS GALEGAS

ACCIDENTES (DANOS PROPIOS)

	2025	2024	DIF
A CORUÑA	19	30	-36,7 %
LUGO	14	13	7,69 %
OURENSE	3	3	=
PONTEVEDRA	14	18	-22,2 %
	50	**64**	**-21,9 %**

A sinistralidade das persoas federadas ano 2025 foi extremadamente semellante á do ano anterior, **cunha baixada global do 5,2%.**

SINISTROS R.C. CAZADOR


	2025	2024	DIF
A CORUÑA	32	30	6,25 %
LUGO	19	13	31,6 %
OURENSE	6	6	=
PONTEVEDRA	21	22	-4,76 %
	78	**71**	**9,86 %**

Redúcese o número de accidentes de danos propios (-21,9%) e aumenta moi lixeiramente o de responsabilidade civil (9,8%)

SINISTROS ANEXOS R.C. CANS

	2025	2024	DIF
A CORUÑA	7	16	-128,6 %
LUGO	10	7	30 %
OURENSE	2	2	=
PONTEVEDRA	4	7	-75 %
	23	**32**	**-39, 13%**


En xeral, **a variación nos últimos 15 anos en canto á sinistralidade é moi baixa** no valor absoluto



3.3 SOCIEDADES FEDERADAS E TECORES

SOCIEDADES FEDERADAS

Provincia	Sociedades 31-12-2024	Baixas 2025	Altas 2025	Sociedades 31-12-2025
CORUÑA	136	1	1	**136**
LUGO	151	1	1	**151**
OURENSE	72	3	0	**69**
PONTEVEDRA	113	1	0	**112**
	472	**5**	**2**	**469**



No 2025 producíronse **5 baixas de sociedades e 2 altas,** resultando no global 3 sociedades menos que no 2024


Lugo e A Coruña seguen a ser as **que máis sociedades federadas acumulan**, co 61%

380 dos 449 Tecores, ou o que é o mesmo, **o 84,6%, son xestionados por una sociedade federada**, de xeito exclusivo ou compartido

TECORES

	Xestionados por sociedades federadas	Xestionados por sociedades NON federadas	TOTAL Tecores 2025
A Coruña	112	9	121
Lugo	137	9	146
Ourense	60	49	109
Pontevedra	71	2	73
	380	**69**	**449**

Datos facilitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural



3.4 SEGUROS DE COTOS

TECORES ASEGURADOS POLA FGC


		Nº PÓLIZAS RC COTOS				
Provincia	Total Tecores Federados	Mutuasport	Proyecta Galicia	Outras aseguradoras	Tecores asegurados	% Tecores asegurados
CORUÑA	112	60	3	0	**63**	**56,25%**
LUGO	137	11	31	43	**85**	**62,04%**
OURENSE	60	4	3	3	**10**	**16,67%**
PONTEVEDRA	71	5	5	23	**33**	**46,48%**
TOTAL	**380**	**80**	**42**	**69**	**191**	**50,26%**

Mantense **na metade o número de Tecores federados que contratan súa póliza de cotos través da FGC**, mediante algunha das aseguradoras coas que ten convenio.


O número **reduciuse respecto a 2024**, cando foron 205 os Tecores asegurados. A maior baixada produciuse en Coruña

Mutuasport segue a ser a principal aseguradora, mentres que Proyecta Galicia reduciu ao 50% a súa presenza, en favor doutras aseguradoras.

TECORES ASEGURADOS RESPECTO DO TOTAL DE FEDERADOS




REPARTO DE PÓLIZAS POR ASEGURADORA




3.5 A SUPERFICIE CINEXÉTICA


EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS




ZONAS DE RÉXIME CINEXÉTICO COMUN



TECORES



DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE CINEXÉTICA DE GALICIA



Datos facilitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural

O **94% da superficie cinexética de Galicia** pertence a **Tecores**, mentres que un **6%** pertence a zonas de réxime cinexético común (**zonas libres**) e menos do 1% a explotacións cinexéticas comerciais.

O **95,6% do territorio da comunidade** autónoma de Galicia é superficie cinexética.


CUMPRIMENTO DE COTAS DE CAPTURAS NAS PRINCIPAIS ESPECIES DE CAZA MAIOR

	Xabaril			Corzo			Cervo		
	Cota	Capturas	Cumprimento	Cota	Capturas	Cumprimento	Cota	Capturas	Cumprimento
A Coruña	4.239	4.207	99,25%	1.583	532	33,61%	206	153	74,27%
Lugo	8.943	6.351	71,02%	3.297	1.031	31,27%	79	36	45,57%
Ourense	9.021	5.652	62,65%	3.771	982	26,04%	440	118	26,82%
Pontevedra	3.146	2.490	79,15%	358	161	44,97%	-	-	


capturas realizadas

capturas sen realizar















A cota de **capturas para o xabaril no 2025 foi de 25.349 pezas**, **un 1,76% máis que o ano anterior**, sendo **o grado de cumprimento moi similar**, aínda que lixeiramente superior, con un 73,8%, 1,57 puntos máis que no 2024.


En canto ao corzo e o cervo, tanto as cotas de capturas como o seu grado de cumprimento segue a ser moi similar ás do anos anteriores. No caso do corzo foi dun 30% fronte ao 33% de anos anteriores, e no caso do cervo dun 42% fronte ao 40% de pasadas tempadas.

En total **no 2025 autorizouse a captura dun total de 35.171 pezas de caza maior** no territorio galego, e capturáronse 21.720 destas pezas, supoñendo un **61,76%** de cumprimento, apenas medio punto máis que no 2024



3.7 SINISTRALIDADE DAS ESPECIES CINEXÉTICAS

EVOLUCIÓN DOS ACCIDENTES POR ESPECIE AO LONGO DOS MESES NO 2025




Segundo os datos facilitados pola *Dirección General de Tráfico*, **no 2025 producíronse 5406 accidentes de tráfico causados polas principais especies cinexéticas**, un 8,5% máis que no ano anterior, o que prolonga a tendencia ascendente da última década,,

O **xabaril** segue a ser **a especie que máis sinistros provoca na nosa comunidade, co 74,7%,** seguido do **corzo co 23%** o resto de especies apenas supoñen o 2%

Entre provincias como cabe esperar aquelas con **maior presenza de caza maior** como **Lugo** (40,9%) e **Ourense** (40,8%) acumulan maior porcentaxe de sinistros, sendo Pontevedra, a de menor impacto co 18,3% do total. Coruña queda en termo intermedio co 34,5%

EVOLUCIÓN ACCIDENTES POR PROVINCIA 2010-2024



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

4. SERVIZOS E INICIATIVAS DA FGC

4.1 ESCOLA DE CAZA
4.2 ASESORÍA XURÍDICA
4.3 AS LICENZAS DE USO DE EMISORA
4.4 CLUBE DE DESCONTOS
4.5 ASESORÍA VETERINARIA E TRÁMITES REGIAC
4.6 XUVENTUDES POLA CAZA
4.7 COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E REDES SOCIAIS

4.1 A ESCOLA DE CAZA

PARTICIPACIÓN NOS CURSOS DA ESCOLA DE CAZA

	Sociedades	Seguridade	Enfermidades	Totais
A CORUÑA	36	33	32	**101**
LUGO	22	18	23	**63**
OURENSE	15	15	18	**48**
PONTEVEDRA	17	19	17	**53**
OUTRAS	0	0	1	**1**
Totais	**90**	**85**	**91**	**266**

A Escola de Caza online da FGC replicaba no 2025 a oferta de formación do ano anterior, con tres pilares formativos centrados na seguridade, na xestión de sociedades e na saúde alimentaria cinexética

O número de persoas inscritas foi superior ao ano 2024, preto dun 30% máis

Arredor da **metade das persoas matriculadas presentáronse ao exame** (56%) , e delas tan só dúas non superaron o exame, ambas no curso de sociedades

PERFIL DA PERSOA PARTICIPANTE NOS CURSOS

- ✓ **Home**
- ✓ **Cazador**
- ✓ **Federado**
- ✓ **Entre 31 e 50 anos**


VALORACIÓN DOS CURSOS POR PARTE DOS ALUMNOS (ENQUISA ANÓNIMA)

8,2 Sociedades


8,6 Seguridade

8,6 Enfermidades

INSCRICIÓNS POR SEXO / CURSO




DISTRIBUCIÓN DA PARTICIPACIÓN TOTAL POR PROVINCIA



4.2 ASESORÍA XURÍDICA

DISTRIBUCIÓN DE TRÁMITES POR TIPOLOXÍA






As persoas e sociedades federadas da FGC teñen á súa disposición **unha asesoría xurídica gratuita a cargo dunha das maiores expertas a nivel nacional en lexislación cinexética e deportivo-cinexética.** Sen dúbida un dos pilares fundamentais do servizo aos federados.


Ao longo do ano 2025 **a Asesoría Xurídica da FGC realizou preto de 300 trámites,** unha media de 25 trámites mensuais, a meirande parte relacionados coa **elaboración de respostas ás consultas recibidas** por parte de persoas e sociedades federadas
Os temas relacionados coa **xestión de sociedades** supuxeron arredor do 25-30% dos informes, mentres que as **consultas de persoas individuais** arredor do 20%
Temas recorrentes entre as sociedades son a adaptación de estatutos, os procesos electorais (votos, impugnacións, etc), os dereitos dos socios e conflitos internos
Temas recorrentes entre os cazadores son consultas son as distancias de seguridade, o transporte de cans e pezas de caza, o uso de armas detonadoras

4.3 AS LICENZAS DE USO DE EMISORA

DISTRIBUCIÓN AMBITO EMISORA POR PROVINCIA



REPARTO LICENCIAS EMISORA POR PROVINCIA





TOTAL 2025

11.682

VARIACIÓN ANUAL

+7,5%

Os modelos de emisora máis usados son a KST V6E (16%), a Midland CT-32SH (9,1%) e a Alan HP108 (9%)

O uso de emisoras de radiofrecuencia é unha ferramenta para a seguridade dos cazadores durante a práctica da actividade cinexética. De feito, o uso deste tipo de dispositivos na caza ademais de brindar unha mellor coordinación e comunicación entre os participantes das cacerías colectivas, aporta seguridade e reduce notablemente o risco de incidentes e accidentes.

No 2025 outorgáronse **un total de 11.682 licenzas de uso de emisora** entre os federados galegos. **Un 7,5% máis que no ano 2024**


Lugo e Coruña acumulan o 78,3% do total das licencias da comunidade. Cabe indicar que as persoas federadas, polo xeral, **teñen rexistrada a licencia de emisora na súa provincia de residencia**, que non é necesariamente na que fan uso dela, cando dispoñen de autorización autonómica.

O feito de que na provincia de Lugo sexan maioritariamente autorizacións provinciais (preto do 80%), totalmente ao contrario que no resto de provincias, deixa claro que **as persoas cazadoras da provincia de Lugo cazan fundamentalmente na súa provincia**, mentres que as do resto de persoas fano polo menos en dúas provincias distintas.

En contraposición, **Pontevedra á provincia onde maior porcentaxe de emisoras autonómicas se tramitan**, supoñendo o 91,5% do total

4.4 CLUBE DE DESCONTOS

ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS POR PROVINCIA




Clube de DESCONTOS

Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

DE ÁMBITO AUTONÓMICO, NACIONAL OU ONLINE

7

ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS POR TIPOLOXÍA



O Club de Descontos exclusivos para cazadores federados, creado no ano 2012, ten por **obxecto facilitar aos cazadores federados os mellores descontos e ofertas nos artigos e servizos que estes precisen para a práctica da actividade cinexética e deportiva.**

No ano 2025 houbo un total de 92 establecementos adheridos ao Club de Descontos da FGC, 6 menos que no 2024, tras producirse 7 baixas (4 establecementos do mesmo grupo empresarial) e 1 alta.


A meirande parte dos servizos ofrecidos por establecementos corresponden á **saúde persoal, incluíndo psicotécnicos e clínicas de todo tipo**

Os **destinados aos cans**, como clínicas veterinarias, tendas e distribuidores de alimentación supoñen **o segundo maior foco destes servizos**

O **resto de servizos ofertados son moi variados** e inclúen hostalaría, restauración, viaxes, equipamento, gasolineiras, asesorías, etc. etc.

4.5 ASESORÍA VETERINARIA E TRÁMITES REGIAC


TRÁMITES POR PROVINCIA DA PERSOA FEDERADA




REGIAC
Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía

As persoas federadas dispoñen dun servizo veterinario para realizar **todas as xestións relacionadas coa actualización de datos dos seus cans no REGIAC** (Rexistro Galego de Animais de Compañía), agás as altas de animais non identificados.

TRÁMITES REALIZADOS POR TIPOLOXÍA




EVOLUCIÓN DOS TRÁMITES POR ANO 2022-2025



4.6 XUVENTUDES POLA CAZA

As Xuventudes pola Caza é un colectivo que **agrupa a tódalas persoas federadas de ata 30 anos.** A Comisión das Xuventudes ten por obxecto **a promoción e divulgación da caza** en tódalas súas facetas dentro deste tramo de idade


DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIA



XUVENTUDES POLA CAZA POR SEXO E PROVINCIA

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Totais
Homes	382	349	95	322	**1148**
Mulleres	46	30	11	33	**120**
	428	379	106	355	**1268**

DISTRIBUCIÓN POR SEXO




MEMBROS DA COMISIÓN DAS XUVENTUDES

Delegado A Coruña	**VIQUEIRA CASTRO, FRANCISCO**
Delegado Lugo	**FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, TAMARA**
Delegado Ourense	**ÁLVAREZ GONZÁLEZ, ALEJANDRO**
Delegado Pontevedra	**SUÁREZ FERNÁNDEZ, SERGIO**

A PÁXINA WEB DA FGC

QUÉ INFORMACIÓN BUSCA A PERSOA VISITANTE




Mais dun terzo das visitas son para **coñecer a actualidade da FGC, o 37%**

Unha importante parte, **arredor do 16% das visitas, son para informarse sobre a federación:** seguros, licencias federativas, trámites, formas de contacto, etc

A información sobre **Competicións (14%)** e a información sobre **Lexislación (10%)** son as seguintes seccións máis visitadas

ORIXE DAS VISITAS



O 38% das visitas á páxina web chegan dende os **buscadores** web**. O 94% son de Google.**

Pola súa banda, **as redes sociais aportan o 27,5%** do tráfico diario. O **97%** destas visitas sociais chegan **dende Facebook**

Cabe indicar que xa chegan **algunhas visitas dende chats de intelixencia artificial** como ChatGPT, Perplexity ou Copilot

Google facebook



GALICIA CINEXÉTICA, A REVISTA DA FGC

A **revista Galicia Cinexética,** editada pola FGC, tivo no ano 2025 **o seu primeiro número con periodicidade anual.**

Este único número anual foi **un compendio de tódolos eventos e iniciativas levadas a cabo pola FGC neste ano**, salientando nas súas páxinas as máis destacadas.

Esta nova versión da revista tamén contaba **cun maior tamaño e un ampliado número de páxinas** chegando ata as 52



DISTRIBUCIÓN DE EXEMPLARES

Imprimíronse 1800 exemplares do número anual da revista Galicia Cinexética

- **952 destes exemplares foron enviados** a sociedades, subscritores, establecementos do Clube de Descontos e outros colaboradores
- **Os restantes 842 exemplares foron distribuídos nas sedes da FGC** así como en diferentes competicións e eventos con presenza da FGC



7.319 seguidores/as
10,03% respecto 2024

3.800 subscritos/as
242% respecto 2024

2.568 subscritos/as
Novidade

1,247 seguidores/as
Sen variacións

1.104 seguidores/as
40,46% respecto 2024

132 subscritores/as
2,33% respecto 2024

52 seguidores/as
6,12% respecto 2024

AS CANLES DE COMUNICACIÓN DA FGC

A FGC segue facendo un uso constante de tódalas ferramentas de comunicación á súa disposición, sendo **Facebook a principal ferramenta de comunicación** pois é a rede social con maior participación por parte do colectivo cinexético

Neste sentido, **o número de seguidores nesta rede segue a medrar a bo ritmo, cun 10% máis que no 2024** para chegar ata os máis de 7.300 ao peche de ano

Cabe destacar tamén a boa saúde da conta da **FGC na rede social Instagram** na que **xa conta con 1.104 seguidores**, supoñendo unha suba de máis do 40%

En canto **á rede social X (coñecida anteriormente como Twitter),** segue sen ter moito calado entre as persoas cazadoras, polo que a actividade da FGC é puntual, se ben **manter unha presenza estable nesta rede segue a ser importante** para contrarrestar a importante actividade animalista e anti-caza que acolle

Sen dúbida o máis destacado é o éxito **da lista de difusión de mensaxería WhatsApp**, dende que se eliminou a necesidade dunha aprobación especial por parte dos usuarios para a súa integración, **neste 2025 chegouse aos 3.800 subscritos**

Moi salientable tamén o éxito da nova newsletter (boletín de noticias) da FGC que baixo o nome de **Galicia Cinexética Dixital** reúne o cada mes o máis destacado da actualidade da FGC nun correo electrónico que xa chega cada 30 días ás bandexas de entrada **de máis de 2.500 persoas**

** Número de seguidores/as / subscritores a 31/12/2025*

A FGC NAS REDES SOCIAIS

FACEBOOK, A PRINCIPAL REDE SOCIAL CINEXÉTICA

Dado que **Facebook é a principal ferramenta de comunicación** social cos cazadores e cazadoras galegos, é importante analizar o rendemento desta rede


Este ano **o número de seguidores** da Federación Galega de Caza nesta rede **aumentou un 10%, acadando a cifra de 7.319**

Aquelas **publicacións que inclúen una imaxe** teñen un impacto moi superior ás que tan só teñen un enlace ou texto, supoñendo o **60,1% do total de visualizacións**

A publicación máis relevante do ano 2025, foi a intervención do **Presidente da FGC facendo un chamamento á responsabilidade dos cazadores logo da vaga de incendios ocorrida no mes de agosto**, con máis de 48.000 impresións

En xeral, **a interacción dos seguidores de Facebook** (reaccionar, comentar ou compartir), **aumentou un 73,7% respecto ao 2024**. Unha cifra moi importante para que o contido da FGC se estendese entre o maior número de persoas posible


INTERACCIÓNS DOS USUARIOS



PUBLICACIÓN MÁIS RELEVANTE



QUÉ CONTIDOS SE VISUALIZARON MÁIS



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025


5. A AXENDA FEDERATIVA

5.1 XUNTANZAS DA FGC
5.2 XUNTANZAS COA ADMINISTRACIÓN
5.3 XUNTANZAS CON OUTRAS INSTITUCIÓNS
5.4 OUTRAS XUNTANZAS
5.5 ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGC
5.6 ACTIVIDADES DAS XUVENTUDES POLA CAZA
5.7 ASISTENCIA A EVENTOS

XUNTA DIRECTIVA, XUNTA EXECUTIVA E COMISIÓN DELEGADA



NÚMERO DE XUNTANZAS





% ASISTENCIA MEDIA ÁS XUNTANZAS



A ASEMBLEA XERAL







A primeira **Asemblea Xeral de 2025 tiña lugar o 16 de maio**, ás 18.00h, na sede da Real Federación Galega de Fútbol, no estadio Verónica Boquete de San Lázaro. A esta xuntanza acudiron **35 asembleístas** e 2 invitados. Tratábase dunha **asemblea cos puntos básicos** de aprobación de contas, orzamentos e memoria do 2024. Resaltar a **asistencia do recen elixido Presidente da RFEC, Josep Escandell**

A segunda xuntanza da Asemblea Xeral tivo lugar **o 12 de decembro** no mesmo escenario que a anterior, de novo **os puntos da orde do día eran os habituais** para esta convocatoria a finais de ano, onde se aprobaron os orzamentos e calendario e normativa de competicións para o 2026, unha unificación das cotas destinadas ás sociedades nas licenzas federativas e documentos únicos, así como informar das dimisións producidas na Comisión de Competicións e no Comité de Xuíces e Árbitros. Á xuntanza **acudiron un total de 27 asembleístas** e 2 invitados.

XUNTANZAS DOUTROS ÓRGANOS E COMITÉS DA FGC

A **Comisión de Competicións** reuníase nunha única ocasión no 2025, concretamente o **28 de outubro**, para propoñer as datas **do calendario de competicións** 2025 e mais a **modificación da normativa** de competicións

O **Comité de Xuíces e Árbitros** tamén se reunía nunha única ocasión. Foi **o 20 de febreiro**, coa finalidade de propoñer o **ascenso de categoría** de diversos xuíces e árbitros, así como a **organización de diferentes cursos** ao longo do ano.

A **Comisión Delegada** xuntábase en dúas datas. **O 25 de abril, e o 7 de novembro**, en ambos casos coa fin de **preparar, analizar e informar** dos puntos a tratar nas respectivas Asembleas Xerais posteriores ás mesmas.







CONSELLERÍA DE TERRITORIO E CAMBIO CLIMÁTICO / DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

A primeira e **única xuntanza do ano 2025 coa máxima responsable da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático**, Ángeles Vázquez, non tardou moito en ter lugar, concretamente o **20 de xaneiro**. Nesta xuntanza tamén estivo presente a Directora Xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, e **o principal tema a tratar nesta xuntanza foi a xestión do lobo**. Tamén se debateron outros temas como a **gratuidade da licenza de caza ou a exención de taxas e matrículas dos Tecores**.

A **Directora Xeral** de Patrimonio Natural reuniríase unha vez máis coa Directiva da FGC, concretamente o **3 de xuño**, onde de novo **o plan de xestión do lobo** protagonizou a temática da xuntanza.

XUNTANZAS CON OUTROS ORGANISMOS E COMITÉS DA ADMINISTRACIÓN



COMITÉ GALEGO DE CAZA

O **Comité Galego de Caza celebrábase o 6 de marzo** e mantiña un carácter continuista respecto ao do ano anterior, coa réplica das datas e condicionantes.

A habitual xuntanza do **Grupo de Traballo do Xabaril tiña lugar o 25 de febreiro**, e a ela acudían Presidente e Vicepresidente da FGC para achegar a defender a postura dos cazadores nesta mesa

O **10 de setembro** a FGC mantiña unha xuntanza de urxencia co **Subdirector Xeral de Espazos Naturais**, Tomás Fernández-Couto, para analizar e coñecer de primeira man as **axudas a Tecores afectados por incendios.**



GRUPO TRABALLO XABARIL



XUNTANZA AXUDAS TECORES INCENDIOS

5.3 XUNTANZAS CON OUTRAS ENTIDADES COLABORADORAS



Ufedega
UNIÓN FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS

O Presidente da FGC mantivo activa a **participación** da FGC noutras entidades como a **UFEDEGA**, que tivo múltiples xuntanzas ao longo do ano

Especialmente activa foi **a presenza na Real Federación Española de Caza** (RFEC), a través das diversas xuntas directivas, comités interautonómicos e outras xuntanzas celebradas ao longo do 2025, moitas delas telemáticas, dado que o Presidente da FGC é tamén Vicepresidente da RFEC.

A colaboración con **Mutuasport** tamén se viu reflectida na asistencia a múltiples xuntanzas da mutua, así como a **actividades** organizadas por esta en relación **coa difusión e promoción da caza.**



MUTUASPORT



REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CAZA

ACTOS E ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA FGC

A localidade de **Ordes** acollía unha xornada de **adicada ao coidado e xestión dos cans** organizada pola FGC da Coruña o **28 de marzo**, cunha excelente acollida por parte dos cazadores, que encheron o salón de actos da Casa da Cultura de Ordes





Xornada sobre os cans de caza
Ordes, 28 de marzo

O **17 de outubro** tiña lugar no Hotel Los Abetos, en Santiago de Compostela, **unha xornada presencial** dos cursos da Escola de Caza 2025**,** adicada especialmente **á recuperación da fauna silvestre e o hábitat en zonas queimadas**



Xornada Presencial Cursos Caza 2025
Santiago, 17 de outubro

O 12 de decembro, a Asemblea Xeral da FGC **despedíase da histórica traballadora Mariluz Rey**, tras 40 anos de esforzo, entrega e **traballo inmenso na defensa dos cazadores, das sociedades de caza e da caza galega en xeral**. Mariluz acadaba a xubilación deixando tras de si un **percorrido profesional intachable con entrega absoluta a FGC** e aos cazadores que a conforman. Persoa que participou e foi **esencial no nacemento do ente federativo sendo un referente de esixencia e compromiso.**



Despedida da Asemblea a Mariluz Rey
Santiago, 12 de decembro

ABANCA SEMANA VERDE – FECAP 2025

A FGC contou un ano máis cun **protagonismo especial na Feira de Caza e Pesca (FECAP)** que cada ano se organiza dentro da *Feira Internacional ABanca Semana Verde de Galicia*, **grazas á enorme implicación da FGC en Pontevedra neste evento.**

Con **multitude de actividades dirixidas aos cativos e cativas**, como exposicións de ovos de diversas aves, especies cinexéticas, biotopo, reclamos, ou exhibicións de Agility ou tiro con arco

Durante os catro días que dura a feira **milleiros de asistentes visitan o stand da FGC** e o seu reclamo estrela: o simulador de tiro











XORNADA PRO 6-15

Baixo o título “O deporte máis natural na natureza” a Federación Galega de Caza organizou o 21 de xuño, unha **xornada aberta e gratuíta para os mozos e mozas de entre 6 e 15 anos.**

Xornada na que **os rapaces divididos en diferentes grupos afrontaron un total de 8 actividades rotativas de diferentes temáticas**: “*one health*”, unha soa saúde, lava as mans e coida do teu can; “Quen é quen”, identificando especies cinexéticas; “Rastros e pegadas” aprende como recoñecelas; “O axexo”, búsqueda do tesouro; “Paradiñas”, exhibición de cans de mostra; “Dende o ceo”, exhibición de aves de cetraría; “Detectives”, cans de rastro e “Simulador de Tiro” mellora a túa puntería.



5.6 ACTIVIDADES DAS XUVENTUDES POLA CAZA



Atención do simulador de tiro na Feira FECAP de Silleda



Charlas de formación para os alumnos do CFEA Lourizán sobre modalidades de caza, municións, razas de cans, etc.



Saída ao monte cos alumnos do CFA Lourizán



Xornadas formación permiso de armas



Xornada PRO 6-15 en Cospeito

GALAS, XORNADAS, CONGRESOS, ETC



Evento Canon (Vigo)



Feira Produtos Proximidade Caza



Observatorio Cinexético Artemisan



Presentación Cpto España Xabaril Salvaxe



Xornada UFEDEGA



Presentación estudio Fundación Artemisan

A presenza da FGC é reclamada e valorada en tódolos actos relacionados máis ou menos estreitamente co mundo da caza e o rural. Así pois os representantes federativos, especialmente o seu Presidente, **tratan de facer acto de presenza e, a ser posible, colaborar activamente, en cantos actos lles sexa posible ao longo do ano,**

Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

MEMORIA DA ACTIVIDADE 2025

Santiago de Compostela, a 31 de decembro de 2025

O PRESIDENTE, O SECRETARIO,

Asdo. Luis Eusebio Fidalgo Álvarez Asdo. José Moure Caneda